

**VALORACIÓN DEFINITIVA DE MÉRITOS**  
**REF: EKT-22-TP1 - REF: EKT-22-TP2**  
**Data Publicación Oferta: 22/XUÑO/2022**

Publicadas as valoracións provisionais o pasado 14 de xullo de 2022, recibíronse en prazo dúas reclamacións ás puntuacións da valoración provisional, e logo de reunirse a comisión de selección para a revisión dos méritos a fin de responder ás reclamacións presentadas, resultan as seguintes puntuacións definitivas de méritos para cada un dos criterios fixados nas bases.:

<b>NOME</b>	<b>C.1</b>	<b>C.2</b>	<b>C.3</b>	<b>C.4</b>	<b>C.5</b>	<b>Total</b>
Barreiro Pisos, Angel		7,54				7,54
Cioppi Mettler, Andrés	4	8,00				12,00
Fernández Santiago, Carlos Javier		7,92				7,92
Prados Lence, Juan		8,38	15			23,38
Tabarés Navarrete, Salvador	4	9,42	10		2	25,42
Vilar Carpente, Héctor	3	7,00				10,00

**C.1.** Outros estudos superiores ou Máster que complementen a titulación requirida: 4 puntos por FP da rama Informática de grao superior; 4 puntos por grao universitario en Informática ou Tecnoloxías da Información; 3 puntos por Curso de Especialización FP da rama de Informática e Comunicións.

**C.2.** Expediente académico da titulación requirida: ata 10 puntos, avaliados tendo en conta só unha das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección.

**C.3.** Experiencia na configuración, xestión de tecnoloxías, aplicacións e plataformas web: 2 puntos por cada traballo realizado en programación en contornos linux open source (Apache, nginx, MariaDB/MySQL/PostgreSQL, etc.), equivalente a 50 horas de desenvolvemento cun máximo de 3 puntos; 2 puntos por mes de experiencia práctica na xestión de plataformas en contornas linux open source (Apache, nginx, MariaDB/MySQL/PostgreSQL, WebRTC, etc.) cun máximo de 10 puntos; 1 punto por mes de experiencia práctica en programación web con outras tecnoloxías, cun máximo de 5 puntos; 1 punto por cada traballo realizado por conta propia con programación en contornas web con outras tecnoloxías, equivalente a 50 horas de desenvolvemento cun máximo de 2 puntos.

**C.4.** Experiencia en elaboración de aplicacións móbiles Android, IOS ou híbridas: 2 puntos por aplicación (equivalente a 50 horas de desenvolvemento).

**C.5.** Formación en tecnoloxías asociadas ao e-Learning ou desenvolvemento de aplicacións web: 0,5 puntos por cada 10 horas cun máximo 2 puntos por curso en programación en contornos linux open source (Apache, nginx, MariaDB/MySQL/PostgreSQL, WebRTC, etc), ou desenvolvemento de apps móbiles.



De acordo coas bases da convocatoria, convócase aos cinco (5) aspirantes finalistas coa maior puntuación o próximo xoves, **21 de xullo de 2022**, no edificio do CESGA (ou no caso de que se solicite, mediante videoconferencia), a partir das 9:00 horas para a realización dunha entrevista persoal cunha duración máxima de 15 minutos, na seguinte orde:

- Cioppi Mettler, Andrés: ás 9:00 horas
- Fernández Santiago, Carlos Javier: ás 9:20 horas
- Prados Lence, Juan: ás 9:40 horas
- Tabarés Navarrete, Salvador: ás 10:00 horas
- Vilar Carpentel, Héctor: ás 10:20 horas

Para calquera consulta ou aclaración no teléfono 981 569810 (Pilar Iglesias) ou enviar correo a [emprego@cesga.es](mailto:emprego@cesga.es)

En Santiago de Compostela (á data da sinatura dixital)

Asdo.: María José Rodríguez Malmierca  
Presidenta Comisión de Selección

Asdo.: Natalia Costas Lago  
Secretaria Comisión de Selección

